




Facultade de Historia

Información básica



O grao en Xeografía e Historia proporciona ao alumnado unha serie de competencias que integran a aprendizaxe de coñecementos, a adquisición de habilidades e destrezas e a formación en actitudes e valores. Na liña doutras titulacións recoñecidas nas universidades europeas, ademais de englobar contidos das disciplinas de Xeografía, Historia e Historia da arte, a oferta da nosa Facultade dota ao alumnado dunha serie ampla de competencias xerais e específicas.

Grao Xeografía e Historia (Plano 2014/15)

Destaca o **carácter humanístico** das disciplinas cunha longa e consolidada traxectoria académica e universitaria, e a súa capacidade para coñecer a orixe e a evolución de moitas das realidades culturais do noso tempo. En conxunto ofertamos unha formación básica en contidos interdisciplinares relativos ao coñecemento da estrutura diacrónica do pasado, das coordenadas espazo-temporais, interrelacionadas coas xeográficas e artísticas.

A formación inclúe ámbitos temáticos e territoriais específicos e contidos instrumentais, a través das **prácticas** que os nosos estudantes realizan en diversas institucións e empresas. O coñecemento do noso pasado permite achegarse as ferramentas analíticas e conceptuais que a súa vez incitan á reflexión, á crítica e ao respecto pola diversidade e a alteridade; en definitiva o coñecemento doutras realidades, moi variadas fomenta os valores humanos e achega principios éticos tan necesarios na sociedade actual.

O carácter multidisciplinar e polivalente dos estudos (Historia, Arte e Xeografía) capacita para un **amplio abanico de saídas profesionais** aos seus egresados, que resultan tan competitivos como os especializados nunha soa das disciplinas humanísticas, tendo en conta da cada vez maior flexibilidade do actual mercado laboral entre titulacións e postos de traballo. Os servizos educativos, os servizos da administración, os medios de comunicación, os centros de educación superior e secundaria, e un longo espectro de institucións e empresas, proporcionan un marco para o desempeño de actividades relacionadas co perfil formativo do grao, preparando para unha gran variedade de actividades.

Ademais, a riqueza histórica, artística, arqueolóxica e natural proporciona unha estreita relación entre os estudos

universitarios e o mercado laboral, abrindo unha nova vía de profesionalización ante a crecente consideración do legado cultural herdado como recurso dotado de valor económico ou produtivo. A demanda e saídas profesionais no terreo da conservación, protección, xestión e difusión do patrimonio e o resto de actividades relacionadas co turismo cultural abren un amplo horizonte á saída profesional dos futuros graduados, que poden nesa liña especializarse no máster que ofertamos.




Co obxectivo de dar resposta á demanda social de diferentes profesionais, e aos futuros graduados/as posibilitábase unha continuación académica coherente con dous Másteres: Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio.



Unha situación similar presenta o **Máster de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüedad** orientado á especialización en arqueoloxía.

Presentación



A Facultade de Historia da Universidade de Vigo, sita no Campus Universitario de Ourense, oferta tres titulacións adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES): un Grao e dous Posgraos.

Xunto á habitual **modalidade presencial**, poderase optar pola modalidade semipresencial, sempre que se xustifique a imposibilidade de asistir con regularidade ás aulas; os motivos deben estar en relación con obrigas de carácter laboral, familiar, atención a persoas dependentes, actividades deportivas de alto nivel, necesidades educativas especiais. O proceso para acollerse a esta modalidade terá lugar unha vez formalizada a matrícula; estudante debe cubrir un impreso coa solicitude e entregar a documentación xustificativa.

Os docentes poñerán a disposición destes estudantes o material preciso a través da plataforma de teledocencia e os medios para superar as materias do grao, en igualdade de condicións que os presenciais.

A oferta de **Posgrao** contempla dúas titulacións:

Máster Interuniversitario en
Arqueoloxía e
Ciencias da Antigüidade

MÁSTER EN VALORACIÓN,
XESTIÓN E PROTECCIÓN DO
PATRIMONIO CULTURAL
Universidade de Vigo
HTCO₃

USC
Universidade de Vigo
CSIC
incipit

- **Mestrado semipresencial en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio**, en colaboración coa Escola Superior de Enxeñaría de Minas do campus de Vigo.
- Mestrado Interuniversitario de Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade (**USC y U Vigo**) **coa participación do Instituto de Ciencias do Patrimonio (Incipit) do CSIC**. O seu programa ten unha dobre orientación: profesionalizante e investigadora. Na súa primeira vertente, aspira a formar arqueólogos que poidan desenvolver a súa labor profesional neste campo nos próximos anos; na segunda, dá paso ao programa de doutoramento da USC

□Historia, Xeografía e Arte□.

Neste documento:

- Localización
- Normativa e Lexislación
- Servizos e Infraestruturas do Centro
- Outra Información do Centro
- Calendario Académico
- Información de Interese

Localización

No Campus de Ourense dende 1990

Facultade de Historia de Ourense
Campus Universitario As Lagoas s/n
32004 Ourense
Teléfono: 988 387101
Fax: 988 387328


E-mail Secretaría Decanato: sdefho@uvigo.es

Páxina web: <http://historia.uvigo.es/gl/>

Facebook: <https://www.facebook.com/facultadehistoriaourense>

Instagram: <https://www.instagram.com/historiaourense/>

Organización e Funcionamento do Centro



Organos de Goberno

□ Decanato

- Xunta de Facultade
- Comisión Permanente da Facultade
- Comisión de Calidade
- Departamentode Historia, Arte e Xeografía

Equipo de Goberno

□ Decana:

Profa. Dra. Susana Reboreda Morillo

Tfno.: 988 38 72 69

rmorillo@uvigo.es

□ Vicedecano:

Prof. Dr. Adolfo Fernández Fernández

Tfno : 988 38 71 11

adolfo@uvigo.es


□ Secretaria:

Dna. Josefina Cadilla Lomba

Tfno.: 988 36 88 55

sfho@uvigo.es



Normativa e Lexislación



Normativa xeral das Universidades

Normativa específica da Universidade de Vigo



Normativas da Facultade de Historia

- Regulamento Rexime Interno da Facultade de Historia
- Regulamento para a elaboración dos horarios docentes e a planificación de ocupación de espazos na Facultade de Historia de Ourense
- Regulamento de Prácticas Externas 
- Regulamento do Traballo de Fin de Grao 


Normativa xeral das Universidades

Normativa específica da Universidade de Vigo

Normativas da Facultade de Historia

- Regulamento Rexime Interno da Facultade de Historia
- Regulamento para a elaboración dos horarios docentes e a planificación de ocupación de espazos na Facultade de Historia de Ourense
- Regulamento de Prácticas Externas 
- Regulamento do Traballo de Fin de Grao 

Servizos e Infraestructuras do Centro



CAMPUS NORTE

A actividade se articula en 3 edificios:

- Edificio Facultades (máis coñecido como Edificio de Ferro)
- Pavillón Olga Gallego (2)
- Pavillón Concepción Ramón Amat (1)

O EDIFICIO FACULTADES

Acceso

- Conserxería
- Aulas

1º andar

- Secretaría Administrativa da Facultade
- Aula de Informática
- Delegación de Alumnos

2º andar

- Laboratorios docentes: Arqueoloxía, Historia da Arte, Xeografía, Historia Medieval
- Aulas

4 ºandar

- Vicerreitoría do Campus de Ourense
- Decanato
- Salón de Graos

DISTRIBUCIÓN DE AULAS DE HISTORIA - EDIFICIO DE FERRO

CURSO AULA HORARIO

- 1º Grao 0.5 mañá e tarde (Planta Baixa)
- 2º Grao 0.6 mañá e tarde (Planta Baixa)
- 3º Grao 0.7 mañá e tarde (Planta Baixa)

- 4º Grao 0.7 mañá e tarde (Planta baixa)
- Aula de videoconferencia/máster: 2.3 (2º andar)
- Prácticas 1º Grao. Grupo 1, 0.5; Grupo 2, 2.2 (2º andar)
- Prácticas 2º Grao. Grupo 1, 0.6, Grupo 2, 2.3 (2º andar)

PAVILLÓN OLGA GALLEGO (2)

- Despachos dos/as profesores/as (1º andar e soto)
- Laboratorio de Prehistoria, Historia Antigua, Historia Moderna, Historia Contemporánea e Historia de América (soto)

PAVILLÓN CONCEPCION RAMÓN AMAT (1)

- Aula de Máster
- Sala de exposicións ALTERARTE (planta baixa)

DISTRIBUCIÓN DE LABORATORIOS DE HISTORIA

DENOMINACIÓN LOCALIZACIÓN EDIFICIO

- Laboratorio de Informática PRIMEIRO ANDAR FERRO
- Laboratorio de Xeografía SEGUNDO ANDAR FERRO
- Laboratorio de Arqueoloxía SEGUNDO ANDAR FERRO
- Laboratorio de Historia Medieval SEGUNDO ANDAR FERRO
- Laboratorio de Prehistoria e Historia Antiga SOTO PAVILLÓN 2
- Laboratorio de Historia Moderna e Contemporánea SOTO PAVILLÓN 2


PLATAFORMA DE TELEDOCENCIA (<http://faitic.uvigo.es>)

- Curso virtual do Grao en Xeografía e Historia
- Curso virtual do Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Manual Primeiros Pasos na plataforma Moodle




Calendario Académico



Pódese acceder ao calendario, horarios e datas de exames na web do centro: <http://historia.uvigo.es/gl/docencia/calendario-escolar>



Outra información do centro




Plan de Autoprotección Universidade de Vigo.


Actuación en caso de Emerxencia Edificio de Ferro



Plan 1



Plan 2



Delegación de alumnado

Funcións:

É o órgano de representación estudiantil institucional que se ten artellado na Facultade de Historia.

Todos os alumnos/as poden acudir á sede da Delegación para obter información e facer uso dos seus recursos. Para cubrir as súas necesidades a Delegación ten un orzamento proporcional ao número de alumnos/as que representa. Segundo o Regulamento de Estudantes no artigo 27, entre os fins da Delegación de alumnos está:

- Actuar como órganos de diálogo coas autoridades académicas no establecemento dunha información adecuada sobre a vida universitaria.
- Xestionar os seus recursos.
- Promover e coordinar actividades de extensión universitaria.
- Elixir os seus representantes perante calquera autoridade, institución ou organización, naqueles casos para os que non exista regulamento de elección.

Representantes: <http://historia.uvigo.es/gl/alumnado/delegacion-de-alumnado>

Localización

Edificio Facultades. 1º Andar

Tfno: 988 38 73 05

E-mail: dafho@uvigo.es


Normativa

- Regulamento Estudantes
- Estatuto Estudantado (BOE 31/01/2010)
- Normativa de Permanencia da Universidade de Vigo
- Regulamento de Voluntariado
- **Plan de Acción Titorial**

Outra información de interese para o alumnado

- Actividades culturais

Información de Interese



ESTUDAR EN OURENSE

- ☐ [Estudar na Universidade de Vigo](#)
- ☐ [Guía turística de Ourense](#)
- ☐ [Aloxamento en Ourense](#)
- ☐ [Hoteles e Hostais](#)
- ☐ [Pisos compartidos. Contactar coa ORI.](#)
- ☐ [Información para o alumnado da Universidade de Vigo:](#)
- ☐ [Alumnado da Universidade de Vigo](#)

CONTACTOS INTERESE UNIVERSIDADE DE VIGO

Páxina web:

<http://www.uvigo.es/>

Central: 986 81 20 00

Información Xeral: 986 81 3600

Información ao alumnado: 986 81 36 30

Rexistro xeral da universidade: 986 81 39 02

Rexistro do Campus de Vigo: 986 81 36 10

Rexistro do Campus de Ourense: 988 38 71 03

Gabinete de prensa: 986 81 3604. prensa@uvigo.es

AREA DE SERVIZOS Á COMUNIDADE

Actividades culturais: 986 81 36 03/ 26. vicext@uvigo.es

Actividades deportivas: 986 81 21 82 / 986 81 22 04; deportes@uvigo.es

Servizo de alumnado: 986 81 36 09 xsadal@uvigo.es

LERD de Vigo: 986 81 37 71 / 72

LERD de Ourense: 988 38 71 02

Bolsas: 986 81 19 99 / 813612. bolsas@uvigo.es

Asesoría Xurídica: 986 81 3576

Oficina ORI: 986 81 21 78 /986 81 35 50 ; ori@uvigo.es

Oficina do Medio Ambiente(OMA): 986 81 38 83; oma3@uvigo.es

BIBLIOTECA DO CAMPUS DE OURENSE

Presente fisicamente nos trescampus, a Biblioteca Universitaria conta en cada un deles cunha biblioteca central e varias salas repartidas polas escolas e facultades que compoñen a Universidade.

A Biblioteca Central do Campus de Ourense, fundada no ano 2000, conta cun fondo de uns 100.000 libros e unhas 750 publicacións periódicas divididas en diferentes temas como son axeografía, historia, arte, dereito e química.

Servizos que ofrece:

- Préstamo interbibliotecario a nivel nacional e internacional.
- Préstamo para alumnos, PDI e PAS.
- Información bibliográfica, búsquedas e referencias bibliográficas.
- Catálogo automatizado colectivo de publicacións periódicas (a nivel nacional).

Contacto:

Conserxería (988 387320)

Campus As Lagoas - 32004- Ourense

Horario de atención ao público: De luns a venres de 8:30h a 21:00h

Acceso ao Catálogo da Biblioteca

CONTA DE CORREO ELECTRÓNICO DA UNIVERSIDADE DE VIGO

- Basta con estar matriculado na Universidade e dispor do cartón universitario.
- No momento de formalizar a matrícula créase unha conta de correo cun nome de usuario e coa extensión alumnos.uvigo.es
- Con ese nome de usuario e esa clave tamén poderás acceder á rede WIFI. Todas as instalacións da Universidade de Vigo teñen acceso a internet por rede WIFI
- <http://www.uvigo.es>

CARNET UNIVERSITARIO

O Carné Universitario é unha tarxeta intelixente realizada en colaboración co Santander, que acredita o estudante, profesorado e personal de administración e servizos como membros da comunidade universitaria.

Ademais de todas as funcións asociadas ás tarxetas intelixentes, o carné poderá dispoñer de servizos financeiros 4B Maestro, se se solicitan voluntariamente

- Para qué podes utilizalo?
- Acreditación universitaria
- Acceso a recintos e ordenadores das aulas de informática e persoais*
- Préstamo de libros en bibliotecas
- Consultas en Puntos de Información e, opcionalmente, en caixeiros 4B*
- Tarxeta deportiva
- Moedeiro electrónico
- Descostos en comercios
- Tarxeta 4B Maestro (opcional)
- Firma Electrónica

□ Solicítalo en calquera momenton as Oficinas Universitarias Santander do campus, levando unha fotografía recente. Recíbalo no teu domicilio particular. Para que inclúa o servizo 4B Maestro só necesitas ser titular dunha conta bancaria no Santander. Esta contan non ten nin gastos de administración nin de mantemento.

□ O Carné Universitario non hai que renovalo cada ano. Para activar a función financeira diríxete á Oficina Universitaria.

SEGURO ESCOLAR

□ Os alumnos da Universidade de Vigo, sexa cal for a súa nacionalidade ou estudos que cursen, quedan cubertos por un seguro escolar. Do mesmo xeito que se regula para os niveis educativos previos, a Lei establece a cobertura obrigatoria.

□ Ademais, a Universidade de Vigo subscribiu un seguro adicional, seguro cum laude, para todos os seus alumnos, incluídos aqueles que non quedan cubertos polo seguro obrigatorio. Ambos os seguros páganse no momento de formalizar a matrícula, polo que non teñen custo adicional algún.

□ Con carácter complementario aos dous anteriores, a Universidade de Vigo dispón dun seguro voluntario, seguro cum laude plus, con maiores coberturas que aqueles e a un custo moi reducido (ao redor de 10 euros por curso).

OUTROS SERVIZOS

- **Actividades Culturais**
- **Deportes**
- **Voluntariado**
- **Area de Emprego**
- **Fundación Universidade de Vigo**
- **Gabinete psicopedagóxico**
- **Tribunal de Garantías**

Grao en Xeografía e Historia

Materias

Curso 4

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr. totais
002G251V01901	Historia de América contemporánea	2c	6
002G251V01903	Lingua clásica: Introducción á lingua e cultura latinas	1c	6
002G251V01904	Historia das relixións	1c	6
002G251V01905	Historia antiga do noroeste da Península Ibérica	1c	6
002G251V01906	Historia da arte de Galicia	1c	6
002G251V01907	Historia medieval de Galicia	1c	6
002G251V01908	Xeografía de Galicia	1c	6
002G251V01911	Historia contemporánea de Galicia	1c	6
002G251V01912	Historia moderna de Galicia	2c	6
002G251V01913	Prehistoria do noroeste da Península Ibérica	1c	6
002G251V01981	Prácticas externas	2c	12
002G251V01991	Traballo de Fin de Grao	2c	12

DATOS IDENTIFICATIVOS**Historia de América contemporánea**

Materia	Historia de América contemporánea			
Código	002G251V01901			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	2c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Vaquero Díaz, María Beatriz			
Profesorado	Campos Álvarez, José Ramón			
Correo-e	mdiaz@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Estudio dos procesos políticos, económicos e sociais acontecidos no continente americano dende a independencia ata os tempos actuais.			

Competencias

Código	
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG2	Comprender os procesos que se desenvolven en diversas escalas espazo-temporais e en diversos contextos socio-culturais
CG5	Valorar as necesidades e problemas da sociedade e as aportacións (en termos de contribución efectiva) xeradas dende os ámbitos xeográfico-históricos, tendo en conta a necesaria igualdade social e entre sexos, a discapacidade e a educación para a paz
CE12	Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado
CE13	Conciencia de respecto polos puntos de vista que se derivan de antecedentes culturais/nacionais
CE14	Coñecemento da estrutura diacrónica xeral do pasado
CE16	Coñecemento detallado dun ou máis períodos específicos do pasado da humanidade
CE22	Coñecemento da historia universal
CT1	Capacidade de análise e síntese
CT2	Aplicación dos coñecementos
CT7	Capacidade de razoamento crítico
CT9	Traballo en equipo en diversos contextos
CT11	Capacidade de aprendizaxe autónoma
CT15	Sensibilidade a temas ambientais.

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias			
Coñecemento dos conceptos principais da Historia de América	CB3	CG2	CE14 CE16	CT1 CT2 CT7 CT9
Coñecemento dos procesos históricos americanos, as súas causas, desenvolvemento e consecuencias	CB3	CG2	CE14 CE16	CT1 CT7 CT11 CT15
Coñecemento da Historia americana nunha perspectiva comparada	CB5	CG2 CG5	CE12 CE13 CE22	CT1 CT7 CT11 CT15
Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado	CB5	CG2	CE12 CE13 CE14	CT1 CT2 CT7

Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes históricas e das interpretacións historiográficas

CB3 CG2 CE14 CT1
CT2
CT7
CT11

Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en bibliografía específica

CB4 CG2 CE13 CT1
CE16 CT2
CT7
CT9

Contidos

Tema

1. América Independente	1.1 Procesos de independencia 1.2 América caudillista 1.3 A inserción de Latinoamérica nos mercados mundiais 1.4 Os Estados Unidos no século XIX 1.5 Latinoamérica entre as dúas guerras mundiais 1.6 Latinoamérica actual 1.7 Estados Unidos no século XX
-------------------------	--

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	1	0	1
Lección maxistral	24	35	59
Resolución de problemas	4	15	19
Traballo tutelado	5	20	25
Obradoiro	6	14	20
Seminario	8	15	23
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2
Observación sistemática	0	1	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	Exposición do contido do curso.
Lección maxistral	Explicación dos contidos do temario.
Resolución de problemas	Supervisión de traballos individuais expostos en público polos alumnos.
Traballo tutelado	Supervisión e dirección de traballos individuais.
Obradoiro	Traballos de explicación de temas cos alumnos. Inclúense dúas horas reservadas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia.
Seminario	Dirección de traballos colectivos realizados por pequenos grupos de alumnos.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas e revisión dos materiais utilizados polo alumnado. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, Uvigo). ALUMNADO PRESENCIAL: seguimento na aula e nas titorías.
Resolución de problemas	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas e revisión dos materiais utilizados polo alumnado. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, Uvigo). ALUMNADO PRESENCIAL: seguimento na aula e nas titorías.
Traballo tutelado	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas e revisión dos materiais utilizados polo alumnado. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, Uvigo). ALUMNADO PRESENCIAL: seguimento na aula e nas titorías.
Lección maxistral	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas sobre os contidos da materia, a metodoloxía utilizada e das probas de avaliación escritas. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, Uvigo). ALUMNADO PRESENCIAL: seguimento na aula e nas titorías.

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas			
Resolución de problemas	Comentarios de texto e material gráfico que será suministrado polo profesor. O que dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes históricas e das interpretacións historiográficas	10	CB3	CE14	CT1 CT2 CT7 CT11	
Traballo tutelado	As sesións de traballo tutelado avaliaranse mediante a realización dun traballo a desenrolar sobre algún tema do programa. O que dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en bibliografía específica.	30	CB4	CE13 CE16	CT1 CT2 CT7 CT9	
Obradoiro	Traballos de explicación teórica sobre puntos concretos do temario. O que dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Coñecemento dos conceptos principais da Historia de América.	10	CB3	CG2 CE14 CE16	CT1 CT2 CT7 CT9	
Exame de preguntas de desenvolvemento	Probas que avalían o coñecemento e que inclúen preguntas a desenvolver, preguntas curtas e comentarios de textos. O que dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Coñecemento dos procesos históricos, as súas causas, desenvolvemento e consecuencias.	40	CB3	CG2 CE14 CE16	CT1 CT7 CT11 CT15	
Observación sistemática	Percepción atenta, racional, planificada e sistemática para describir e rexistrar as manifestacións do comportamento do alumnado. Avaliación continua do seu traballo autónomo, a través da realización das actividades e probas que conforman a programación da materia. O que dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Coñecemento da Historia América nunha perspectiva comparada	10	CB5	CG5 CE12 CE13 CE22	CT1 CT7 CT11 CT15	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a realizar os exames finais (Artigo 12 do regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos que non poidan acollerse á avaliación continua, serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita, que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio que representará un 30% desta.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

SIXIREI PAREDES, C., **Historia de América. Dende as independencias ata 1920. T. II**, 1ª, Ir Indo, 2012

SIXIREI PAREDES, C., **Historia de América. Os tempos actuais (1920-2010). T. III**, 1ª, Ir Indo, 2013

Bibliografía Complementaria

ALCÁZAR, J., **Historia Contemporánea de América**, 1ª, Universitat de Valencia, 2003

AMORES CARREDANO, J.B. (Coord.), **Historia de América**, 1ª, Ariel, 2006

HALPERIN DONGHI, T., **Reforma y disolución de los Imperios Ibéricos, 1750-1850**, 1ª, Alianza, 1985

HALPERIN DONGHI, T., **Historia Contemporánea de América Latina**, 1ª, Alianza, 1990

HERNÁNDEZ ALONSO, J., **Los Estados Unidos de América: Historia y Cultura**, 1ª, Ediciones Colegio de España, 1996

Recomendacións

Outros comentarios

É necesario que o alumno/a sexa capaz de ler en portugués e inglés.

Ao longo do curso entregarase a través da plataforma Moodle (<http://fatic.uvigo.es>) documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades do curso. Por esta razón os estudantes deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Lingua clásica: Introducción á lingua e cultura latinas**

Materia	Lingua clásica: Introdución á lingua e cultura latinas			
Código	O02G251V01903			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Ledo Lemos, Francisco José			
Profesorado	Ledo Lemos, Francisco José			
Correo-e	ledolemos@uvigo.es			
Web	http://webs.uvigo.es/ledolemos			
Descrición xeral	Introdución á lingua latina e ás literaturas grega e latina antigas.			

Competencias

Código	
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG4	Desenvolver as destrezas asociadas á elaboración, transmisión e xestión do ""saber"" e ""saber facer"" adquirido así como dos resultados do seu razoamento crítico
CG6	Aplicalas no contexto do futuro académico e/ou profesional; e crear as bases para futuros estudos de postgrao, especializados e/ou multi-disciplinares
CE13	Conciencia de respecto polos puntos de vista que se derivan de antecedentes culturais/nacionais
CE15	Coñecemento de linguas antigas
CE16	Coñecemento detallado dun ou máis períodos específicos do pasado da humanidade
CE17	Capacidade de ler textos historiográficos e documentos orixinais na propia lingua así como de transcribir, resumir e catalogar información de forma pertinente
CT1	Capacidade de análise e síntese
CT5	Capacidade de xestión da información e o coñecemento
CT7	Capacidade de razoamento crítico
CT11	Capacidade de aprendizaxe autónoma
CT16	Coñecemento doutras culturas

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias			
Coñecementos e utilización dos conceptos técnicos e o vocabulario básico para comprender a Literatura Latina	CB2 CB3 CB5	CG6	CE15 CE16 CE17	CT1 CT5 CT11 CT16
Toma de conciencia sobre as aportacións da lingua e a cultura clásica no ámbito académico e social.	CB3		CE13	CT7 CT16
Coñecemento básico dunha lingua clásica e capacitación para a selección, uso e tratamento de textos e datos históricos da época clásica nun contextos interdisciplinar.	CB2 CB3 CB5	CG4 CG6	CE15 CE16 CE17	CT1 CT5 CT11 CT16

Contidos

Tema

1. A historiografía e a literatura latinas como fonte histórica.	<p>1.1- Os antecedentes gregos.</p> <p>1.2- Orixes da historia e da prosa latina en xeral (actas dos maxistrados; laudationes funebres; tituli imaginum...)</p> <p>1.3- Período preclásico (os primeiros analistas; Catón; a época posterior a Catón...).</p> <p>1.4- A historiografía na época final da República (Catón, Salustio...; Cicerón e as cuestións teóricas sobre a historiografía).</p> <p>1.5- A historiografía na época dos Xulio-Claudios (Tito Livio; a propaganda do réxime; a épica e a historiografía...)</p> <p>1.6- A historiografía na época dos Antoninos (Tácito, Suetonio...)</p> <p>1.7- A historiografía non cristiãna dos últimos séculos do Imperio (Amiano MARCELINO. A Historia Augusta...)</p> <p>1.8- A historiografía e o cristianismo.</p>
2. A lingua latina	<p>2.1- A lingua latina e o seu contexto lingüístico.</p> <p>2.2- Nocións de gramática latina.</p> <p>2.3- Tradución de textos.</p>

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	25	30	55
Obradoiro	15	40	55
Seminario	5	24	29
Exame de preguntas obxectivas	1	1	2
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	2	4
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	2	4
Observación sistemática	0	1	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Os temas de historiografía e gramática que resultan máis difíciles de abordar serán explicados nas clases. Os alumnos semipresencias disporán de apuntamentos en FAITiC nos que se lles darán estes mesmos contidos.
Obradoiro	Indicacións para a tradución e os comentarios que deben ser preparados polos alumnos, e, posteriormente, corrección das mesmas. Os alumnos semipresencias poderán acceder a estas explicacións nas titorías, e poderán solicitar aclaracións adicionais por correo electrónico.
Seminario	Corrección das traducións. Os alumnos semipresencias poderán acceder a estas explicacións nas titorías, e poderán solicitar aclaracións adicionais por correo electrónico.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Obradoiro	TODO O ALUMNADO: as tarefas serán asignadas atendendo ós coñecementos previos e ós intereses específicos de cada alumno. Todos os alumnos terán acceso ó material e ós test personalizados dispoñibles en Faitic. Todos os alumnos poderán asistir a titorías individuais presenciais nas horas oficialmente previstas para éstas. ALUMNADO PRESENCIAL: contará coas aclaracións personalizadas que lle correspondan na aula. ALUMNADO SEMIPRESENCIAL: poderá asistir a titorías individuais por teléfono ou videoconferencia, disporá en Faitic de todo o material necesario e poderá enviar os traballos correspondentes por correo electrónico e recibilos corrixidos.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Exame de preguntas obxectivas	Unha lista relativamente diversa de preguntas sobre as máis variadas cuestións, coa finalidade de comprobar que o alumno ten un coñecemento xeral da materia	30	CB3 CG4 CE15 CT5 CB5 CG6 CE16 CT11 CT16
	Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento básico dunha lingua clásica e capacitación para a selección, uso e tratamento de textos e datos históricos da época clásica nun contextos interdisciplinar.		

Exame de preguntas de desenvolvemento	O alumno deberá desenrolar dúas propostas de entre varias que se lle propoñan. Estas propostas non se limitarán a un tema específico do temario, senón que nelas se deberán integrar materiais procedentes de diversos temas. Valorarase a claridade e a profundidade da exposición.	30	CB2 CB3 CB5	CG4 CG6	CE13 CE15 CE16 CE17	CT1 CT5 CT7 CT11 CT16
	Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecementos e utilización dos conceptos técnicos e o vocabulario básico para comprender a Literatura Latina. Coñecemento básico dunha lingua clásica e capacitación para a selección, uso e tratamento de textos e datos históricos da época clásica nun contextos interdisciplinar.					
Resolución de problemas e/ou exercicios	Tradución e comentario de textos.	30	CB2 CB3 CB5	CG4 CG6	CE13 CE15 CE16 CE17	CT1 CT5 CT7 CT11 CT16
	Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecementos e utilización dos conceptos técnicos e o vocabulario básico para comprender a Literatura Latina. Coñecemento básico dunha lingua clásica e capacitación para a selección, uso e tratamento de textos e datos históricos da época clásica nun contextos interdisciplinar.					
Observación sistemática	Participación activa do alumnado nas sesións e actividades propostas polo docente, tendo en conta a avaliación continua do traballo autónomo na aula e na plataforma de teledocencia.	10	CB2 CB3 CB5	CG4 CG6	CE13 CE15 CE16 CE17	CT1 CT5 CT7 CT11 CT16
	Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Toma de conciencia sobre as aportacións da lingua e a cultura clásica no ámbito académico e social.					

Outros comentarios sobre a Avaliación

Todos os alumnos (presenciais e semipresenciais) deberán presentarse á proba final, que constará de tres partes (preguntas cortas / preguntas longas / tradución e comentario). Esta proba final supón o 90% da nota, agás para os alumnos semipresenciais e para os alumnos que non participaron nas clases, que deberán compensar o 10% restante entregando os traballos que se lles indiquen. A proba extraordinaria constará igualmente destas tres partes.

Segundo acordo da Xunta de Facultade, a *participación activa na clase* suporá o 10% da nota final. Os alumnos semipresenciais e aqueles que non participaren nas clases compensarán cun traballo indicado polo profesor ese 10% da cualificación que en principio se asigna a esta *asistencia con participación*.

Outros comentarios:

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos.

Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan acceder á mesma porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

O estudante deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir ás probas que o/s docente/s dispoñan como imprescindibles.

Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a realizar os exames finais (Artigo 12 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Algún dicionario Latino/Galego ou Latino/Español,

KENNEY, E.J. CLAUSEN, W.V. (Ed.), **The Cambridge History of Classical Literature II: Latin Literature.**, Cambridge.,

ROSTAGNI, A, **Storia della letteratura latina.**, Turín.,

ALBRECHT, MICHEL VON, **Historia de la literatura romana.**, Barcelona.,

CODOÑER, C (Ed.), **Historia de la literatura latina.**, Madrid.,

HOWATSON, M.C, **Diccionario de la literatura clásica.**, Madrid.,

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Outros comentarios

O alumno debe traer os coñecementos de gramática española e galega que se esperan do bacharelato. É convinte tamén chegar cos coñecementos de latín que se poden obter no ensino medio.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Historia das relixións				
Materia	Historia das relixións			
Código	002G251V01904			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Presedo Garazo, Antonio			
Profesorado	Presedo Garazo, Antonio			
Correo-e	antonio.presedo@uvigo.es			
Web	http://fatic.uvigo.es			
Descrición	Análise xeral e global das diversas relixións e a súa evolución no tempo, desde as súas orixes aos noso días xeral			

Competencias	
Código	
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CG2	Comprender os procesos que se desenvolven en diversas escalas espazo-temporais e en diversos contextos socio-culturais
CG5	Valorar as necesidades e problemas da sociedade e as aportacións (en termos de contribución efectiva) xeradas dende os ámbitos xeográfico-históricos, tendo en conta a necesaria igualdade social e entre sexos, a discapacidade e a educación para a paz
CE13	Conciencia de respecto polos puntos de vista que se derivan de antecedentes culturais/nacionais
CE23	Capacidade de identificar e utilizar apropiadamente fontes de información para a investigación histórica
CT4	Comunicación oral e escrita no idioma propio
CT7	Capacidade de razoamento crítico
CT8	Compromiso ético e responsabilidade social
CT10	Atención á diversidade e multiculturalidade.
CT16	Coñecemento doutras culturas

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
Avaliación do proceso de construción dalgúns elementos esenciais da evolución humana	CG2 CE13
Respecto a outras culturas e modos de entender ao home e á súa contorna	CG5 CE13 CT7 CT8 CT16
Análise crítico das tradicións historiográficas sobre temas controvertidos ou de interese xeral	CG5 CE13 CT16
Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes bibliográficas e das interpretacións historiográficas	CG5 CE13 CT16
Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en fontes e bibliografía específicas	CB3 CE23 CT4
Compromiso coa ética e responsabilidade social como cidadán e profesional	CB3 CG5 CT10

Contidos	
Tema	
1. Politeismos	1.1. Oriente Próximo 1.2. Grecia e Roma 1.3. Celtas e xermanos 1.4. América precolombina
2. Relixións de salvación	1.1. Zoroastrismo 1.2. Judaísmo 1.3. Cristianismo 1.4. Islam 1.5 Relixións dualistas
3. Vías de liberación e inmortalidade	3.1. Hinduísmo 3.2. Budismo 3.3. Taoísmo 3.4. Sintoísmo

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	14	21	35
Traballo tutelado	15	20	35
Resolución de problemas	8	20	28
Eventos científicos	2	0	2
Presentación	6	21	27
Seminario	2	0	2
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	10	12
Autoavaliación	0	8	8

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Sesión orientada a presentar a materia, tomar contacto co alumnado e reunir información sobre as súas competencias, motivacións e intereses
Lección maxistral	Exposición dos contidos da materia por parte do profesor e presentación das liñas básicas para o desenvolvemento das actividades relacionadas
Traballo tutelado	Elaboración de traballos por parte dos alumnos a partir de fontes bibliográficas, ben de xeito individual ou ben en grupo, que deberán ser presentados e debatidos na aula
Resolución de problemas	Elaboración de traballos por parte dos alumnos relacionados cos contidos do temario, entre os que se inclúe a realización de algúns exercicios prácticos.
Eventos científicos	Resérvanse dúas horas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia
Presentación	Exposición e defensa por parte do alumnado do traballo tutelado
Seminario	Seguemento e aclaración de dúbidas sobre os contidos da materia así como supervisión do traballo autónomo do alumnado en relación con ela

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Seguemento do alumnado nas actividades orientadas á realización do traballo e ás dúbidas que poidan xurdir mentres leva a cabo a elaboración de ditos traballos tutelados. TODO O ALUMNADO: Curso virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, UVigo). ALUMNADO PRESENCIAL: Seguimento na aula. ALUMNADO NON PRESENCIAL: A través da aula habilitada para a materia en e-meeting (enlace FaiTic).
Seminario	Seguemento do alumnado para resolver as dúbidas que poidan xurdir a raíz das sesións maxistrais e nas actividades prácticas da materia. TODO O ALUMNADO: Curso virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, UVigo). ALUMNADO PRESENCIAL: Seguimento na aula. ALUMNADO NON PRESENCIAL: A través da aula habilitada para a materia en e-meeting (enlace FaiTic).
Resolución de problemas	Seguemento do alumnado nas actividades relacionadas coa realización de exercicios prácticos. TODO O ALUMNADO: Curso virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, UVigo). ALUMNADO PRESENCIAL: Seguimento na aula. ALUMNADO NON PRESENCIAL: A través da aula habilitada para a materia en e-meeting (enlace FaiTic).

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Lección maxistral	Avaliación dos coñecementos adquiridos mediante unha proba ao final da impartición da asignatura, na que se inclúen preguntas de desenvolvemento, así como preguntas de resposta curta e un exercicio práctico. Para superar a materia será preciso acadar nesta proba unha cualificación de 5 puntos sobre 10. Con elo dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Avaliación do proceso de construción dalgúns elementos esenciais da evolución humana. Respecto a outras culturas e modos de entender ao home e á súa contorna. Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes bibliográficas e das interpretacións historiográficas	40	CG2 CE23 CT16

Traballo tutelado	Entrega, exposición e defensa na aula do traballo tutelado, avaliándose os seus contidos, estrutura, presentación, capacidade de síntese e análise crítica. Con elo dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en fontes e bibliografía específicas. Análise crítico das tradicións historiográficas sobre temas controvertidos ou de interese xeral. Compromiso coa ética e responsabilidade social como cidadán e profesional.	30	CG5 CE13 CT7 CT8 CT10
Resolución de problemas	Presentación e entrega, conforme os criterios establecidos, dos materiais elaborados nas sesións prácticas. Con elo dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Compromiso coa ética e responsabilidade social como cidadán e profesional.	20	CG5 CE13 CT7 CT8
Autoavaliación	Valoración do traballo autónomo do alumnado mediante a realización de cuestionarios sobre os contidos da materia a través de Moodle. Computaranse as respostas correctas. Con elo dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Respecto a outras culturas e modos de entender ao home e á súa contorna	10	CE13 CT16

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os/as estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos.

Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan acceder á mesma porcentaxe de nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

Os/as estudantes deberán cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberán acudir ás probas que os/as docentes dispoñan como imprescindibles.

Todos/as os/as alumnos/as matriculados/as na materia teñen dereito a realizar un exame final, no que serán avaliados/as dos contidos do programa (artigo 12 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). Os/as alumnos/as que non se podan acoller á avaliación continua (que esixe a entrega en tempo e forma de todas as tarefas), serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita na que se incluírán preguntas de desenvolvemento, así como preguntas de resposta curta e un exercicio práctico, que suporá o 70% da súa cualificación final. O 30% restante será completado a través dun traballo obrigatorio sobre os contidos do programa da materia. O devandito traballo deberá estar asignado, como mínimo, un mes antes da realización do exame oficial e entregarse coincidindo coa data fixada para a realización do mesmo en cada convocatoria. En todos os casos (modalidade presencial, semipresencial e opción do mencionado art. 12), para superar a materia, requírese obter unha cualificación mínima de 5 puntos sobre 10 na proba escrita (contidos teóricos e prácticos).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Filoramo, G.; Massenzio, M., Raveri, M.; Scarpi, P., **Historia de las religiones**, Crítica, 2007

Jelen, T.G. e Wilcox, C. (eds.), **Religión y política: una perspectiva comparada**, Akal, 2006

Smith, Hurson, **Las religiones del mundo**, Thassàlia, 1995

Bibliografía Complementaria

Coogan, M. D. (ed.), **Religiones del mundo**, Blume, 2004

Lancano Salafranca, F., **Introducción a la cultura japonesa: pensamiento y religión**, Universidad de Valladolid, 2000

Marzal, M. M. (ed.), **Religiones andinas**, Trotta, 2005

Recomendacións

Outros comentarios

Esta información será ofrecida a través dos cursos Moodle da plataforma TEM@, polo que todos/as os/as alumnos/as deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Historia antiga do noroeste da Península Ibérica**

Materia	Historia antiga do noroeste da Península Ibérica			
Código	002G251V01905			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Reboreda Morillo, Susana María			
Profesorado	Brañas Abad, Rosa			
Correo-e	rmorillo@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Coñecemento dos fundamentos básicos, principais acontecementos e procesos xerais de cambio acaecidos na sociedade do noroeste da Península Ibérica na idade antiga			

Competencias

Código	
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CE12	Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado
CE19	Coñecemento da historia nacional propia
CT3	Capacidade de organización e planificación
CT4	Comunicación oral e escrita no idioma propio
CT7	Capacidade de razoamento crítico

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias	
Análise crítica das tradicións historiográficas sobre temas controvertidos ou de interese	CE12 CE19	CT7
Coñecemento da Historia, Historia da Arte e Xeografía de Galicia nunha perspectiva comparada	CB5	CE19
Elaboración e presentación, oral e escrita, dos traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en fontes e bibliografía específicas	CB4	CT3 CT7
Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso das fontes e das interpretacións historiográficas	CE19	CT4 CT7

Contidos

Tema	
Introdución. Fontes de estudo da Historia Antiga do Noroeste e os Primeiros contactos co mundo mediterráneo.	a. As referencias materiais. b. As referencias textuais.
Tema 1. A Conquista do Noroeste	1.a. As guerras cántabras e as súas consecuencias.
Tema 2. A "romanización" do Noroeste	2.a. A administración 2.b. A ordenación do territorio 2.c. A explotación económica
Tema 3. A Gallaecia ata a chegada dos suevos	3.a. A reorganización do territorio 3.b. A "crise do século III" na Gallaecia 3.c. A transición a un novo modelo

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	2	3
Lección maxistral	14	20	34
Presentación	6	20	26
Traballo tutelado	11	30	41
Eventos científicos	2	0	2
Obradoiro	6	6	12

Seminario	6	6	12
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	6	8
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	8	10
Autoavaliación	0	2	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	TODO O ALUMNADO: Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o coñecemento previo do alumnado, así como a presentar a materia. ALUMNADO PRESENCIAL: Actividades na aula ALUMNADO SEMIPRESENCIAL: Actividades a través da plataforma FaiTic ou e-Meeting
Lección maxistral	TODO O ALUMNADO: O material docente empregado na aula será subido con antelación á plataforma de teledocencia, así como outros documentos con contidos teóricos que faciliten a comprensión do temario impartido. ALUMNADO PRESENCIAL: Exposición por parte do profesorado das claves fundamentais de cada un dos bloques temáticos.
Presentación	TODO O ALUMNADO A exposición do traballo individual terá 20 minutos de duración máxima. Este traballo terá un seguimento constante por parte da docente quen marcará as pautas durante a súa elaboración. Moi importante a capacidade de síntese, expresión oral e soportes empregados. ALUMNADO PRESENCIAL: Exposicións na aula ALUMNADO SEMIPRESENCIAL: Exposicións na aula ou entrega dun documentocoa presentación.
Traballo tutelado	TODO O ALUMNADO: Traballos realizados de xeito individual, orientados ao manexo de instrumentos de recompilación de información e de distintas fontes coas que se elabora a historia antiga. A asignación de traballos deberá quedar resolta no primeiro mes do cuadrimestre.
Eventos científicos	TODO O ALUMNADO Horas reservadas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia.
Obradoiro	TODO O ALUMNADO: Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permiten afondar ou completar os contidos da materia. Pódense empregar como complemento das clases teóricas. ALUMNADO PRESENCIAL: Actividades na aula. ALUMNADO SEMIPRESENCIAL: Actividades a través da plataforma FaiTic ou e-Meeting
Seminario	TODO O ALUMNADO: Sesións orientadas ao seguimento e orientación sobre o estudo de contidos, preparación das actividades e probas de avaliación e á aclaración das diversas dúbidas que vaian xurdindo sobre aspectos da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Seguimento individualizado das actividades orientadas á resolución dos traballos realizados polo alumnado. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso virtual na plataforma de Teledocencia (Moodle, FaiTic, UVigo) e correo electrónico. ALUMNADO PRESENCIAL: seguimento nas aulas.
Seminario	Aclaración de dúbidas sobre a materia, tanto dos aspectos teóricos como daqueles relacionados co seminario, traballos tutorizados individualmente ou en grupo. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso virtual na plataforma de Teledocencia (Moodle, FaiTic, UVigo) e correo electrónico. ALUMNADO PRESENCIAL: seguimento nas aulas. ALUMNADO SEMIPRESENCIAL: aula e-meeting (enlace FaiTic).
Presentación	Previo á presentación, se se precisa, poderase asesorar sobre a maneira máis adecuada de levar a cabo a presentación. A atención realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso virtual na plataforma de Teledocencia (Moodle, FaiTic, UVigo) e correo electrónico. ALUMNADO PRESENCIAL: seguimento nas aulas. ALUMNADO SEMIPRESENCIAL: aula e-meeting (enlace FaiTic).

Avaliación

Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
------------	---------------	------------------------

Lección maxistral	Realizaráanse por escrito preguntas concretas sobre a temática exposta na aula, tanto de carácter teórico como práctico, que deberán resolverse manifestando, a maiores do coñecemento, a capacidade de expresión escrita na lingua propia. Os resultados de aprendizaxe avaliados serán: Coñecemento da Historia, Historia da Arte e Xeografía de Galicia nunha perspectiva comparada	10	CB5	CE19	
Presentación	Un traballo individual sobre un aspecto da sociedades, relixión ou economía da Gallaecia romana. A exposición terá 20 minutos de duración máxima. Este traballo terá un seguimento constante por parte da docente quen marcará as pautas durante a súa elaboración. Alumnado semipresencial: Podera optar por presentar o traballo na aula ou por entregar, xunto ao traballo escrito, un documento da presentación no soporte que elixa. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Análise crítica das tradicións historiográficas sobre temas controvertidos ou de interese xeral. Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso das fontes e das interpretacións historiográficas.	10		CE12 CE19	CT4 CT7
Traballo tutelado	Un traballo individual sobre un aspecto da sociedades, relixión ou economía da Gallaecia romana. A exposición terá 20 minutos de duración máxima. Este traballo terá un seguimento constante por parte da docente quen marcará as pautas durante a súa elaboración. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Elaboración e presentación, oral e escrita, dos traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en fontes e bibliografía específicas. Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso das fontes e das interpretacións historiográficas.	10	CB4	CE19	CT3 CT7
Obradoiro	TODO O ALUMNADO: Análise e comentarios críticos das fontes que proporcionan o coñecemento da Historia Antiga: textos, iconografía e material arqueolóxico. Poderá complarse cun análise crítico dalgún documental visionado na aula e subido á plataforma. Con elo dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso das fontes históricas e das interpretacións historiográficas.	10		CE19	CT4 CT7
Resolución de problemas e/ou exercicios	Versarán sobre contidos teóricos moi específicos; terase en conta a interpretación correcta da información xeográfica dos sistemas territoriais. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Análise crítico das tradicións historiográficas sobre temas controvertidos ou de interese xeral. Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso das fontes e das interpretacións historiográficas.	20		CE12 CE19	CT4 CT7
Exame de preguntas de desenvolvemento	As probas referiranse as sesións maxistrais, e dicir, aos contidos teóricos explicados na aula. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Análise crítica das tradicións historiográficas sobre temas controvertidos ou de interese xeral. Coñecemento da Historia, Historia da Arte e Xeografía de Galicia nunha perspectiva comparada.	30		CE12 CE19	CT4 CT7
Autoavaliación	Valoración do traballo autónomo do alumnado mediante a realización de cuestionarios sobre os contidos da materia a través de Moodle. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento da Historia, Historia da Arte e Xeografía de Galicia nunha perspectiva comparada	10	CB5	CE19	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para superar a materia é necesario obter nas probas de respostas (curta, longa, sesión maxistral) alomenos un 5 sobre 10.

Todos/as estudantes matriculados na materia teñen dereito a ser avaliados mediante un exame final (artigo 12 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo) que consistira nunha proba escrita con tres apartados: mapas mudos, preguntas curras e cuestións de desenvolvemento que suporá un 60% da cualificación. Un 20% estará constituído pola entrega das prácticas preestblecidas e un 20% dun traballo escrito sobre a sociedade, relixión ou economía da Gallaecia antiga.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Arias Vilas, F., **A romanización de Galicia**, O Castro, 1992

Bermejo Barrera, J.C., **Sociedade e relixión na Galicia antiga**, Lóstrego, 2008

Carballo Arceo, X., **Arqueoloxía de Galicia**, Nigratrea,

Fernández Ochoa, C., **Roma y la conquista del NW peninsular**, La nueva España, 1990

Naveiro López, J., **El comercio antiguo en el NW peninsular: lectura histórica del registro arqueológico**, Museo Arqueológico e Histórico, 1991

Naveiro López, J., Pérez Losada, F., **Un Finisterre atlántico en época romana: la costa Gallaica (NW de la Península Ibérica)**, BAR International Series 5575, 1992

Nuñez García, O., **Gallaecia christiana. De los antiguos cultos a la nueva religión (ss. I-IV)**, Andavira, 2010

Pérez Losada, F. (), **Entre a cidade e a aldea: estudio arqueohistórico dos aglomerados secundarios romanos en Galicia**, Brigantium, Vol 13, 2002

Rodríguez Colmenero, A. Ferrer Sierra, S., **La ruta marítima atlántica de época romana: entre Cale (Porto), Brigantium (Golfo Ártabro) y Oiasso (Irún)**, en V. Alonso, A.R. Colmenenero, A. Goy (eds.). **El golfo Ártabro. Fragmentos de historia lit**, UDC, 2014

Romero Masiá, A., Pose Mesura, X.M., **Galicia nos textos clásicos**, Padroado do Museo Arqueolóxico Provincial, 1988

Suárez Piñeiro, A.M., **A romanización en Galicia**, Toxosoutos, 2009

Bibliografía Complementaria

Alföldy, G., **Provincia Hispania Superior**, UDC, 2002

Blázquez Cerrato, C., **Vías de comunicación y circulación monetaria en la Meseta Norte y el Noroeste**, Fernández Ochoa, C. y García Díaz, P., 2005

Caamaño Gesto, J.M., Fernández Rodríguez, C., **Excavaciones en el campamento de Cidadela (A Coruña)**, Brigantium, 12, 2000

Campomanes, E., **Excavaciones arqueológicas en la plaza Mayor de León**, Promonumenta 4, 2000

González Soutelo, S., **El valor del agua en el mundo antiguo. Sistemas hidráulicos y aguas mineromedicinales en la Galicia romana**, Fundación Barrié de la Maza, 2011

Matias Rodríguez, R., **La minería aurífera romana del Noroeste de Hispania: Ingeniería minera y gestión de las explotaciones auríferas romanas en la Siera del Teleno (León, España)**, III Congreso de las Obras públicas romanas, 2006

Morillo Cerdán, A., **Asentamientos militares y civiles en el origen del fenómeno urbano en el N y NE peninsulares**, Congreso Internacional sobre los Orígenes de la ci, 1999

Pereira Menaut, G. (dir), **Corpus de inscricións romanas de Galicia**, Consello da Cultura Galega, 1991.-

Rodríguez Colmenero, A (ed.), **Congreso Internacional sobre los Orígenes de la ciudad en el NW hispánico**, 1998

Suárez Piñeiro, A. M., **A vida cotiá na Galicia romana**, Lóstrego, 2006

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Historia antiga da Península Ibérica/O02G251V01501

Outros comentarios

Ao longo do curso entregarase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través dos cursos Moodle da plataforma TEM@, polo que todos os alumnos/as deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Historia da arte de Galicia				
Materia	Historia da arte de Galicia			
Código	002G251V01906			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua impartición	Castelán			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Barriocanal López, María Yolanda			
Profesorado	Barriocanal López, María Yolanda Nodar Fernández, Victoriano			
Correo-e	barriocanal@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Estudo e comprensión dos grandes acontecementos histórico-artísticos de Galicia dende a Idade Media ata o presente. O estudo preséntase mediante a análise das obras de arte máis relevantes, seleccionadas e interpretadas como un documento de excepción dos gustos estéticos e da mentalidade do pasado.			

Competencias	
Código	
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG1	Coñecer o territorio (ambiente, sociedade, cultura) dende unha perspectiva diacrónica e sincrónica
CG2	Comprender os procesos que se desenvolven en diversas escalas espazo-temporais e en diversos contextos socio-culturais
CE5	Integración das dimensións espacial e temporal na explicación dos procesos territoriais
CE12	Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado
CE19	Coñecemento da historia nacional propia
CE25	Visión diacrónica xeral da Historia da Arte Universal
CE26	Visión diacrónica rexional e completa dos fenómenos artísticos territoriais
CT1	Capacidade de análise e síntese
CT2	Aplicación dos coñecementos
CT3	Capacidade de organización e planificación
CT4	Comunicación oral e escrita no idioma propio
CT5	Capacidade de xestión da información e o coñecemento
CT6	Resolución de problemas e toma de decisións.
CT7	Capacidade de razoamento crítico

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
Coñecemento da Historia, Historia da Arte e Xeografía de Galicia nunha perspectiva comparada	CG1 CE5 CE12 CE26
Participación en seminarios, previa realización de lecturas, sobre un tema concreto.	CG1 CE5 CT1 CT4 CT5 CT6 CT7
Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, basados en fontes e bibliografía específicas	CB2 CT1 CB4 CT2 CT3 CT4 CT5
Coñecemento da contorna próxima, local e rexional, e da súa historia.	CG1 CE5 CT1 CE26

Interpretación do medio próximo a partir do coñecemento do pasado.

CB5 CG1 CE12
CE19

Comparación da Historia e Historia da Arte de Galicia con procesos históricos similares no ámbito peninsular e europeo.

CG1 CE25
CG2

Contidos

Tema	
1. A Arte en Galicia durante a Idade Media	1.1. O Prerrománico: A Arte en Galicia durante a dominación sueva. Arte hispanovisigoda, asturiana, arte mozárabe ou de repoboación
2. Renacemento e Barroco	1.2. O Románico: Tipoloxías arquitectónicas. Pintura e outras manifestacións
3. Manifestacións artísticas na Idade Contemporánea	1.3. O Cister. O Protogótico e a arte Gótica: A arte do Mestre Mateo e a diáspora do seu obrador. Escultura monumental e funeraria
	2.1. O Renacemento. A asimilación da linguaxe clásica. O clasicismo
	2.2 O Barroco: As grandes aportacións deste estilo
	3. Revitalización plástica e novas tendencias nas artes

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	1	1	2
Lección maxistral	14	20	34
Saídas de estudo	10	12	22
Traballo tutelado	10	12	22
Eventos científicos	5	6	11
Seminario	5	10	15
Exame de preguntas de desenvolvemento	3	28	31
Traballo	2	10	12
Observación sistemática	0	1	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introductorias	Toma de contacto cos alumnos para a explicación do programa da materia, actividades a realizar e sistemas de avaliación
Lección maxistral	Clases teóricas nas que o profesor/a explica os contidos teóricos da materia coa axuda de proxeccións de imaxes, power point, documentos e outros recursos docentes
Saídas de estudo	Saídas de estudo fora do ámbito académico para un contacto directo coa obra de arte: visita a exposicións permanentes e temporais, coleccións e fondos museísticos, monumentos e conxuntos histórico-artísticos.
Traballo tutelado	Traballos dirixidos á profundización na materia e ao fortalecemento das capacidades analíticas e expositivas do alumno/a. Consisten na elaboración dun traballo, de carácter individual sobre a dimensión patrimonial dunha determinada parroquia, baseado na consulta das fontes documentais de arquivo (Libros de Fábrica e Libros de Visitas).
Eventos científicos	Saídas programadas para asistir a actividades docentes e divulgativas organizadas por museos ou outras institucións culturais. Reservaranse dúas horas para a asistencia a actividades de temática transversal organizadas polo Departamento de Historia, Arte e Xeografía de xeito que computan nas actividades dirixidas.
Seminario	Apoio á formación do alumnado, resolvendo as dúbidas en relación coa materia e orientación do seu estudo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas sobre os contidos da materia, a metodoloxía utilizada para a realización dos exercicios e revisión das probas de avaliación escritas. Realizarase persoalmente co profesor e a partir das ferramentas propias da plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, UVigo)
Traballo tutelado	Orientación e seguemento do alumno/a na aprendizaxe dos contidos da materia, atendendo ás consultas relativas ás actividades programadas, con especial atención á orientación e revisión dos traballos tutelados e sistemas de avaliación. Realizarase persoalmente co profesor e a partir das ferramentas propias da plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, UVigo).

Avaliación			
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Exame de preguntas de desenvolvemento	Valorarase a comprensión e asimilación dos contidos teóricos da materia. Para superar a materia, é necesario acabar nesta proba unha calificación mínima de 2 puntos (sobre o 4 do total). Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento das manifestacións artísticas de Galicia nunha perspectiva comparada. Comparación da Historia de Arte de Galicia con procesos artísticos similares no ámbito peninsular e europeo.	40	CG1 CE12 CT1 CG2 CE25 CE26
Traballo	O alumnado deberá elaborar e entregar a través da plataforma Moodle un traballo relacionado coa materia. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento e habilidades para a elaboración e presentación, oral e escrita de traballos monográficos. Interpretar o medio próximo a partir do coñecemento do pasado.	50	CB2 CT1 CB4 CT2 CT3 CT4 CT5
Observación sistemática	Valoración do traballo autónomo do alumnado, a través da realización de tarefas relacionadas coas visitas de estudos. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Dominio dos instrumentos para o coñecemento do territorio e dos procesos culturais e artísticos que o conforman.	10	CB2 CG1 CE5 CT1 CB4 CT2 CT4 CT5 CT6 CT7

Outros comentarios sobre a Avaliación

Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a ser avaliado mediante un exame final (art. 12 do Regulamento dos Estudantes da Universidade de Vigo). Aqueles alumnos que non poidan acollerse á avaliación continua, serán avaliados dos contidos do programa da materia mediante unha proba escrita que suporá o 70% da nota final, e un traballo obrigatorio que representará o 30% desta.

Os estudantes que se acollan á modalidade semipresencial poderán seguir a materia a través do Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición de competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

AAVV., **Historia del Arte Gallego**, 1ª ed., Alhambra, 1982

AAVV, **A Arte Galega. Estado da cuestión**, 1ª ed., Consello da Cultura Galega, 1990

AAVV., **Galicia. Arte (16 vols.)**, 1ª ed., Hércules ed., 1993

Bibliografía Complementaria

AAVV., **Galicia Renace**, 1ª ed., Xunta de Galicia, 1997

AAVV, **Galicia hoxe**, 1ª ed., Xunta de Galicia, 1997

AAVV, **O século XIX**, 1ª ed., Xunta de Galicia, 1997

AAVV, **Galicia románica e gótica**, 1ª ed, Xunta de Galicia, 1997

AAVV, **Artistas Gallegos. Escultores. Séculos XVI e XVII**, 1ª ed, Nova Galicia, 2004

AAVV., **Artistas gallegos: arquitectos (3 vols.)**, 1ª ed., Nova Galicia, 2002

BANGO TORVISO, Isidro, **Galicia Románica**, 1ª ed., Galaxia, 1987

BARRIOCANAL LÓPEZ, Yolanda, **La actividad escultórica n Ourense. Del Renacimiento al Barroco**, 1ª ed., CSIC-Grupo Marcelo Macías, 2016

BONET CORREA, Antonio, **La arquitectura en Galicia durante el siglo XVII**, 1ª ed., CSIC, 1984

FRANCO MATO, Ángela (coord.), **Patrimonio artístico de Galicia y otros estudios: homenaje al profesor Dr. Serafín Moralejo Álvarez (3 vols.)**, 1ª ed., Xunta de Galicia, 2004

GARCÍA-ALCAÑIZ JUSTE, Julia, **Arquitectura del Neoclásico en Galicia**, 1ª ed., Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1989

GARCÍA IGLESIAS, José Manuel, **La pintura manierista en Galicia**, 1ª ed., Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1986

GOY DIZ, Ana, **Artistas, talleres e gremios en Galicia (1600-1650)**, 1ª ed., Universidad de Santiago, 1958

GOY DIZ, Ana, **A actividade artística en Santiago: 1600-1648**, 2ª ed., Consello da Cultura Galega, 2007

MANSO PORTO, Carmen, **Arte gótica en Galicia: los dominicos**, 1ª ed., Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1993

MONTERROSO MONTERO, Juan Manuel, **A pintura mural nas catedrais galegas: séculos XVI.XVIII**, 1ª ed., Tórculo ed., 2006

SICART JIMÉNEZ, Angel, **Pintura medieval: la miniatura**, 1ª ed., Universidad de Santiago, 1981

VALLE PÉREZ, José Carlos, **La arquitectura cisterciense en Galicia**, 1ª ed., Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1982

Recomendacións

Outros comentarios

Ao longo do curso entregarase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través dos cursos Moodle da plataforma TEM@, polo que todos os alumnos/as deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Historia medieval de Galicia				
Materia	Historia medieval de Galicia			
Código	002G251V01907			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Vaquero Díaz, María Beatriz			
Profesorado	Sánchez Sánchez, Xosé Manoel			
Correo-e	mdiaz@uvigo.es			
Web	http://fatic.uvigo.es			
Descrición	Coñecemento e comprensión dos caracteres específicos da sociedade medieval no antigo reino de Galicia xeral			

Competencias	
Código	
CB2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG1	Coñecer o territorio (ambiente, sociedade, cultura) dende unha perspectiva diacrónica e sincrónica
CG3	Obter as habilidades necesarias para rexistrar, analizar e interpretar a información relevante de índole xeográfica e histórica
CE5	Integración das dimensións espacial e temporal na explicación dos procesos territoriais
CE12	Conciencia crítica da relación entre os acontecementos e procesos actuais e o pasado
CE13	Conciencia de respecto polos puntos de vista que se derivan de antecedentes culturais/nacionais
CE19	Coñecemento da historia nacional propia
CE23	Capacidade de identificar e utilizar apropiadamente fontes de información para a investigación histórica
CT3	Capacidade de organización e planificación
CT4	Comunicación oral e escrita no idioma propio
CT5	Capacidade de xestión da información e o coñecemento
CT7	Capacidade de razoamento crítico
CT9	Traballo en equipo en diversos contextos
CT10	Atención á diversidade e multiculturalidade.

Resultados de aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias
Coñecemento da contorna próxima, local e rexional, e da súa Historia	CG1 CE5 CT10 CE19
Comparación da Historia e Historia da Arte de Galicia con procesos históricos similares no ámbito peninsular e europeo	CG1 CE5 CE12 CE13
Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes e das interpretacións historiográficas	CB2 CG3 CE23 CT5 CB4 CT7 CB5
Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en fontes e bibliografía específicas	CB4 CG3 CE23 CT3 CB5 CT4 CT9

Contidos	
Tema	
1.- Alta Idade Media (ss. V-X)	1.1.- Introducción a historia medieval de Galicia: historiografía e fontes 1.2.- A Galicia xermánica: o reino suevo e a cristianización (ss. V-VII) 1.3.- Galicia no reino de Asturias: política, economía, sociedade e cultura (ss. VIII-X)

2.- Plena Idade Media (ss. XI-XIII)	2.1.- A constitución do reino de Galicia e a integración na coroa de Castela 2.2.- A plenitude feudal: organización económica e social 2.3.- A igrexa e a cultura nos séculos XI a XIII
3.- Baixa Idade Media (ss. XIV-XV)	3.1.- Crise e recuperación na Galicia baixomedieval 3.2.- As transformacións na sociedade 3.3.- A guerra irmandiña 3.4.- O reino de Galicia ás portas da Modernidade

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	14	14	28
Traballo tutelado	10	30	40
Obradoiro	12	12	24
Saídas de estudo	3	3	6
Seminario	3	3	6
Traballo	2	10	12
Exame de preguntas de desenvolvemento	1	10	11
Autoavaliación	2	8	10
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	10	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividade encamiñada a tomar contacto co alumnado e presentar o programa da asignatura
Lección maxistral	Exposición polo profesorado dos contidos do programa, ofertando directrices teóricas e metodolóxicas.
Traballo tutelado	Elaboración polo alumnado dun traballo baseado en fontes e bibliografía
Obradoiro	Sesións prácticas e de debate co obxectivo de prover ao alumnado de instrumentos e habilidades que faciliten a elaboración do traballo tutelado, ao que estarán dirixidas estas sesións
Saídas de estudo	Saída de estudo co obxecto de amosar ao alumnado unha institución ou monumento relevante da historia medieval galega
Seminario	Sesións encamiñadas a asesorar ao alumnado nas actividades docentes, resolver dúbidas e problemas relacionados co proceso de aprendizaxe

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	Seguemento e atención individualizada do alumnado na aula, no despacho, na plataforma Moodle, na aula e-meeting ou mediante o correo electrónico, coa intención de resolver os problemas e dúbidas que poidan xurdir no estudo e comprensión dos contidos da materia, preparación de traballos, resolucións de problemas, probas de avaliación, etc.
Seminario	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas sobre os contidos da materia, metodoloxía utilizada para a realización dos exercicios e revisión das probas da avaliación. O seguemento farase a mediante os seguintes recursos: Todo o alumnado: curso virtual na plataforma Moodle (FaiTic, UVigo). Alumnado presencial: seguemento na aula e seminario de informática da facultade. Alumnado non presencial: aula e-meeting (enlace en FaiTic, UVigo).

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Traballo	Avaliaranse os coñecementos teóricos adquiridos polo alumnado na realización e estruturación do traballo así como a súa capacidade de exposición. Con elo dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes e das interpretacións historiográficas.	50	CB2 CB4 CB5 CE23 CT5 CT9
Exame de preguntas de desenvolvemento	Avaliación mediante unha proba ao rematar as sesións teóricas con preguntas abertas a desenvolver sobre temas ou cuestións da materia. Con elo dará conta dos seguintes resultados de aprendizaxe: Coñecemento da contorna próxima, local e rexional, e da súa Historia. Comparación da Historia e Historia da Arte de Galicia con procesos históricos similares no ámbito peninsular e europeo.	30	CG1 CE5 CE12 CE19 CT10

Autoavaliación	Avaliación continua do traballo autonomo do alumnado mediante a súa participación na realización e presentación de tarefas propostas na plataforma moodle. Con elo dará conta dos seguintes resultados da aprendizaxe: Coñecemento da contorna próxima, local e rexional, e da súa Historia	10	CE5 CT10
Resolución de problemas e/ou exercicios	Resolución dos problemas presentados nos seminarios con entrega dos resultados acadados. Con elo dará conta dos seguintes resultados da aprendizaxe: Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes e das interpretacións historiográficas	10	CG3 CE23 CT5 CT7

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado que se acolla á modalidade semipresencial poderá seguir a materia a través do curso virtual na plataforma de teledocencia Moodle, da Universidade de Vigo, que permitirá o acceso aos materiais precisos para a adquisición das competencias e consecución dos resultados da aprendizaxe, tanto nos seus contidos teóricos como prácticos. Especificaranse as metodoloxías docentes, as actividades de avaliación, xunto co calendario de entrega (presencial ou remota) que quedará claramente establecido. As actividades que requiran presencialidade serán substituídas por outras que permitan acceder á mesma porcentaxe da nota. O seguimento individualizado da participación do alumno a través das TIC farase a partir das ferramentas propias da plataforma (participación, estatísticas de acceso, realización de probas ou exercicios en liña, etc.).

O alumnado deberá cumprir os requisitos mínimos de presencialidade necesarios para a avaliación continua. Así mesmo deberá acudir ás probas que o/s docente/s dispoñan como imprescindibles

O alumnado matriculado na materia ten dereito a realizar os exames finais (Artigo 12 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). O alumnado que non poida acollerse á avaliación continúa examínase de todo o programa da materia, o cal deberá preparar a partir da bibliografía básica sinalada. Asemade, deberá realizar obrigatoriamente un traballo práctico ou bibliográfico relacionado coa materia, o cal será comunicado ao profesor responsable con anterioridade ao remate das sesións presenciais e entregado na data do exame final. Dito exame constará dunha proba de resposta curta. Exame e traballo comporán, cada un, o 50% da nota final.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Andrade Cernadas, J.M. e Pérez Rodríguez, F.J., **Galicie medieval**, Vía Láctea, 1996

Portela, E. e Pallares, M^a C., **Nova historia de Gallicie. Idade Media**, Tambre, 2000

Rodríguez González, A., **Las fortalezas de la mitra compostelana y los irmandiños**, Fundación Barrié de la Maza, 1984

Bibliografía Complementaria

Portela, E. e Pallares, M^a C., **A gran historia de Gallicie. Tomo IV e V**, Arrecife, 2007

Portela, E. e Pallares, M^a C., **De Gallicie en la Edad Media. Sociedad, espacio y poder**, Xunta de Gallicie, 1993

García Oro, J., **Gallicie en los siglos XIV y XV**, Fundación Barrié de la Maza, 1987

Pallares, M^a C. e Portela, E., **Atlas histórico de Gallicie. H^a Medieval**, Nigratrea, 1998

Pérez Rodríguez, F.J., **Historia medieval de Gallicie: balance historiográfico, Minius, vol. 18**, Universidade de Vigo, 2010

López Carreira, A., **A cidade medieval galega**, A Nosa Terra, 1999

López Carreira, A., **Os Irmandiños : textos, documentos e bibliografía**, A Nosa Terra, 1991

Recomendacións

Outros comentarios

Ao longo do curso entregarase a través da plataforma Moodle (<http://faitic.uvigo.es>) documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades do curso. Por esta razón os estudantes deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

DATOS IDENTIFICATIVOS**Xeografía de Galicia**

Materia	Xeografía de Galicia			
Código	002G251V01908			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS 6	Carácter OP	Curso 4	Cuadrimestre 1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	de Uña Álvarez, Elena Pilar			
Profesorado	de Uña Álvarez, Elena Pilar			
Correo-e	edeuna@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Estudo xeral dos elementos, dos procesos e das configuracións territoriais de Galicia. Achegamento ao coñecemento e interpretación da súa realidade xeográfica, especialmente no marco europeo.			

Competencias

Código	
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG1	Coñecer o territorio (ambiente, sociedade, cultura) dende unha perspectiva diacrónica e sincrónica
CG3	Obter as habilidades necesarias para rexistrar, analizar e interpretar a información relevante de índole xeográfica e histórica
CE4	Conciencia crítica da relación entre os fenómenos xeográficos, físicos e humanos, a diferentes escalas territoriais
CE5	Integración das dimensións espacial e temporal na explicación dos procesos territoriais
CE18	Coñecemento e habilidade para usar os instrumentos de recompilación de información tales como catálogos bibliográficos, inventarios de arquivo e referencias electrónicas
CT1	Capacidade de análise e síntese
CT2	Aplicación dos coñecementos
CT4	Comunicación oral e escrita no idioma propio
CT5	Capacidade de xestión da información e o coñecemento
CT6	Resolución de problemas e toma de decisións.
CT8	Compromiso ético e responsabilidade social
CT9	Traballo en equipo en diversos contextos
CT13	Iniciativa e espírito emprendedor
CT15	Sensibilidade a temas ambientais.

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias			
Coñecemento da contorna próxima, local e rexional, e da súa Historia	CB3	CG1	CE4 CE5	CT1 CT2 CT4
Participación en seminarios, previa realización de lecturas, sobre un tema concreto	CB5	CG1	CE5	CT1 CT4 CT5 CT8 CT15
Interpretación do medio próximo a partir do coñecemento do pasado.	CB3	CG3	CE5	CT1 CT5
Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en fontes e bibliografía específicas	CB4	CG3	CE18	CT2 CT4 CT6 CT9 CT13

Contidos

Tema

1. Introducción	1.1 Conceptos básicos 1.2 Dimensións diferenciais
2. Identidade do territorio	2.1 Referentes 2.2 Ámbitos estratéxicos
3. Unidades dinámicas	3.1 Áreas funcionais 3.2 Patrimonio, sociedade, cultura

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	2	4
Lección maxistral	12	10	22
Foros de discusión	1	5	6
Eventos científicos	6	2	8
Estudo de casos	4	2	6
Traballo tutelado	7	13	20
Saídas de estudo	8	5	13
Prácticas autónomas a través de TIC	0	20	20
Seminario	2	2	4
Exame de preguntas obxectivas	4	21	25
Traballo	3	8	11
Observación sistemática	1	10	11

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades para detectar coñecementos previos, intereses e motivacións do alumnado. Presentación dos obxectivos, contidos, metodoloxía e desenvolvemento da materia.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Foros de discusión	Actividades desenvolvidas nun contorno virtual na que se debaten temas diversos e de actualidade relacionados co ámbito académico e/ou profesional.
Eventos científicos	Conferencias, faladoiros, exposicións, mesas redondas, debates... realizados por relatores de prestixio, que permiten profundar ou complementar os contidos da materia.
Estudo de casos	Análise das condicións e da dinámica dunha situación ou problemática relativa os contidos da materia.
Traballo tutelado	Realización dunha investigación sobre a temática da materia, elaborando un documento que reflicte as hipóteses, procedementos e resultados.
Saídas de estudo	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense en espazos non académicos exteriores.
Prácticas autónomas a través de TIC	Aplicación dos coñecementos e adquisición de habilidades a través das TICs, relacionadas coa elaboración do traballo tutelado.
Seminario	Entrevistas do grupo co profesorado da materia para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Seminario	A atención personalizada consistirá na revisión das probas e traballos; na resolución de dúbidas e toma de acordos para calquer aspecto da dinámica da materia. Todo o alumnado: na plataforma de teledocencia Moodle. Alumnado semipresencial: aula e-meeting (enlace FaiTic). Alumnado presencial: na aula.
Saídas de estudo	A atención personalizada consistirá no acompañamento e motivación activa na actividade, o desenrolo da capacidade de atención/observación participativa e o apoio para o uso de técnicas ou instrumentos específicos. Alumnado presencial: in situ. Todo o alumnado: na plataforma de teledocencia Moodle (foro de avisos, noticias e dúbidas).

Actividades introductorias	A atención personalizada consistirá na orientación do nivel de aprendizaxe requirido, a introducción os materiais, a resolución de dúbidas e a explicación da dinámica do desenvolvemento da materia. Alumnado presencial: na aula. Alumnado semipresencial: aula e-meeting (enlace FaiTic). Todo o alumnado: na plataforma de teledocencia Moodle (foro de avisos, noticias e dúbidas).
Traballo tutelado	A atención personalizada consistirá nas orientacións específicas, resolución de dúbidas ou problemas no desenvolvemento das secuencias de aprendizaxe. Todo o alumnado: na plataforma de teledocencia Moodle. Alumnado semipresencial: aula e-meeting (enlace FaiTic). Alumnado presencial: na aula e na sala de informática.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas			
Exame de preguntas obxectivas	O alumnado responderá a preguntas directas sobre aspectos concretos vistos no ámbito da materia, nas que a resposta é breve. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Coñecemento da contorna próxima, local e rexional, e da súa Historia	40	CB3	CG1	CE4 CE5	CT1 CT2 CT4
Traballo	O alumnado elaborará un informe do traballo tutelado polo docente sobre as cuestións relevantes da materia. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en fontes e bibliografía específicas	50		CG1 CG3	CE5 CE18	CT2 CT4 CT5 CT6 CT8 CT9 CT13 CT15
Observación sistemática	Percepción atenta, racional, planificada e sistemática para describir e rexistrar as manifestacións do comportamento do alumnado, valorando aprendizaxes e accións (orde, precisión, destreza, eficacia, participación activa) a través do traballo autónomo en todos os escenarios docentes. Os resultados de aprendizaxe avaliados son: Interpretación do medio próximo a partir do coñecemento do pasado e participación en seminarios, previa realización de lecturas, sobre un tema concreto.	10	CB3 CB4 CB5	CG1 CG3	CE5	CT1 CT4 CT5 CT8 CT15

Outros comentarios sobre a Avaliación

Todos os estudantes matriculados na materia teñen dereito a realizar os exames finais (Artigo 12 do Regulamento de Estudantes da Universidade de Vigo). Aquéles que non poidan acollerse á modalidade presencial serán avaliados do programa da materia mediante unha proba escrita que suporá ó 70% da nota final, e un traballo que representará un 30% desta.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Canoves, G. et al., **Turismo de interior: renovarse o morir**, 1, PUV, 2014

Consello da Cultura Galega, **Galicia - Cultura**,

CMATI, **Centro de Estudos Territoriais**,

Piñeira, M.J. y Santos, J.M., **Xeografía de Galicia**, 1, Xerais, 2011

SITGA, **Infraestructura de Datos Espaciais de Galicia**,

Varios Autores, **Atlas de Galicia**, 1, Xunta de Galicia, 2001

Varios Autores, **Patrimonio Geolóxico de Galicia**, 1, Enresa, 2004

Varios Autores, **Galicia - Geografía**, 1, Hércules, 1996

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Outros comentarios

Esta guía docente describe as liñas xerais da materia e concíbese de forma flexible. En consecuencia pode requirir reaxustes ao longo do curso académico promovidos pola dinámica do grupo ou pola relevancia de situacións que poidan xurdir. Ao longo do curso entregarase documentación detallada sobre o desenvolvemento das actividades. Esta información será ofrecida a través dos cursos Moodle da plataforma TEM@, polo que todos os alumnos/as deben estar dados de alta na plataforma e ter cubertos os seus datos de perfil.

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Historia contemporánea de Galicia				
Materia	Historia contemporánea de Galicia			
Código	O02G251V01911			
Titulación	Grao en Xeografía e Historia			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	4	1c
Lingua impartición	Castelán Galego			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Valín Fernández, Alberto Juan Prada Rodríguez, Julio			
Profesorado	Prada Rodríguez, Julio Valín Fernández, Alberto Juan			
Correo-e	avalin@uvigo.es jprada@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descrición xeral	Coñecemento dos principais acontecementos e os procesos xerais de cambio e continuidade da acontecidos en Galicia ao longo da Idade Contemporánea en perspectiva diacrónica.			

Competencias

Código	
CB3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
CG1	Coñecer o territorio (ambiente, sociedade, cultura) dende unha perspectiva diacrónica e sincrónica
CE17	Capacidade de ler textos historiográficos e documentos orixinais na propia lingua así como de transcribir, resumir e catalogar información de forma pertinente
CE18	Coñecemento e habilidade para usar os instrumentos de recompilación de información tales como catálogos bibliográficos, inventarios de arquivo e referencias electrónicas
CE19	Coñecemento da historia nacional propia
CE23	Capacidade de identificar e utilizar apropiadamente fontes de información para a investigación histórica
CT1	Capacidade de análise e síntese
CT3	Capacidade de organización e planificación
CT4	Comunicación oral e escrita no idioma propio
CT5	Capacidade de xestión da información e o coñecemento
CT7	Capacidade de razoamento crítico
CT9	Traballo en equipo en diversos contextos
CT12	Capacidade para imprevistos, creatividade e lideranza

Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Coñecemento da contorna próxima, local e rexional, e da súa Historia	CG1	CE19	CT1
Análise crítico das tradicións historiográficas sobre temas controvertidos ou de interese xeral		CE17	CT7
Participación en seminarios, previa realización de lecturas, sobre un tema concreto	CB4		CT5 CT9
Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en fontes e bibliografía específicas	CB3	CE18 CE23	CT3 CT4 CT12
Análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes históricas e das interpretacións historiográficas.		CE18	

Contidos

Tema	
1. A evolución demográfica.	1.1. Os grandes trazos da evolución demográfica durante a contemporaneidade. 1.2. O fenómeno migratorio.
2. A economía galega durante a Idade Contemporánea.	2.1. Os sectores agrario e pesqueiro. 2.2. A propiedade da terra na Galicia contemporánea. 2.3. Os sectores industrial e de servizos.

3. A sociedade galega.

3.1. A sociedade galega entre a crise do Antigo Réxime e os inicios do Estado Liberal.

3.2. Clases e movementos sociais (1876-1936).

3.3. A sociedade galega do franquismo aos nosos días.

4. A evolución política de Galicia na idade contemporánea.

4.1. A crise política e a implantación do liberalismo (1780-1874).

4.2. Restauración, Ditadura e República (1874-1936).

4.3. Franquismo, transición e consolidación da autonomía en Galicia.

4.4. O galeguismo político.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Lección maxistral	12	36	48
Eventos científicos	2	0	2
Seminario	18	27	45
Traballo tutelado	5	35	40
Resolución de problemas de forma autónoma	2	2	4
Resolución de problemas	3	0	3
Exame de preguntas de desenvolvemento	4	0	4
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	0	2
Observación sistemática	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	Explicación dos contidos da materia polo profesor.
Eventos científicos	Asistencia a actividades de temática transversal organizadas dende o Departamento de Historia, Arte e Xeografía e a Facultade de Historia
Seminario	Actividade enfocada ao traballo individual ou en grupo sobre un tema específico a partir de materiais de diversa natureza co obxectivo de afondar nunha selección de contidos de especial dificultade ou relevancia introducidos ou non nas sesións maxistrais.
Traballo tutelado	Traballos realizados de xeito individual ou en grupo polo alumnado orientados ao achegamento aos instrumentos de recompilación de información e ás fontes propias da época contemporánea. Deberán estar asignados inexcusamente antes do remate do primeiro mes do cuadrimestre.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividades orientadas á resolución de problemas e/ou exercicios na aula relacionados cos contidos introducidos nas sesións maxistrais que inclúan a resolución de forma autónoma de comentarios e composicións de texto histórico, mapas históricos, análise e interpretación de materiais gráficos, etc.
Resolución de problemas	Sesións orientadas á formulación de cuestións relacionadas coa materia nas que o alumnado, baixo a supervisión do profesorado e co seu seguimento e orientación, debe desenvolver as solucións axeitadas para a resolución do problema ou exercicio presentado.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas e revisión dos materiais utilizados polo alumnado. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, Uvigo). ALUMNADO PRESENCIAL: seguimento na aula e nas titorías. ALUMNADO NON PRESENCIAL: aula e-meeting (enlace FaiTic).
Traballo tutelado	A atención personalizada consistirá na resolución de dúbidas e revisión dos materiais utilizados polo alumnado. O seguimento realizarase a través dos seguintes recursos: TODO O ALUMNADO: Curso Virtual na plataforma de teledocencia Moodle (FaiTic, Uvigo). ALUMNADO PRESENCIAL: seguimento na aula e nas titorías. ALUMNADO NON PRESENCIAL: aula e-meeting (enlace FaiTic).

Avaliación

Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
------------	---------------	------------------------

Lección maxistral	Valoraranse os coñecementos teóricos de la materia, a estruturación lóxica das ideas, a conciencia evolutiva dos distintos procesos históricos, a claridade expositiva, o espírito crítico, a madureza do estilo literario (sintaxe, léxico, ortografía, etc.) e a coherencia expositiva a través de dúas probas de avaliación que poderán incluír tanto probas de contido teórico como comentarios de textos, mapas e gráficas, composicións de texto histórico, etc. Para superar a materia será preciso acadar, en ambas as dúas probas, unha cualificación de cando menos 5 puntos sobre 10. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Coñecemento da contorna próxima, local e rexional, e da súa Historia.	40		CG1 CE19 CT1
Seminario	Selección, presentación, análise e crítica dos materiais traballados. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Participación en seminarios, previa realización de lecturas, sobre un tema concreto.	20	CB4	CT5 CT9
Traballo tutelado	Presentación, defensa e entrega, nas datas sinaladas e conforme aos parámetros indicados, dos traballos realizados de xeito individual ou en grupo polo alumnado. Valorarase o marco teórico, a estrutura e articulación do traballo, a reflexión crítica sobre as fontes e a bibliografía e a presentación e exposición formal do mesmo. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en bibliografía específica e análise e valoración dos conceptos aprendidos a partir do uso de fontes históricas e das interpretacións historiográficas.	25	CB3	CE18 CT3 CE23 CT4 CT12
Resolución de problemas de forma autónoma	Presentación e entrega, nas datas sinaladas e conforme aos parámetros indicados, dos exercicios prácticos sinalados. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Análise crítico das tradicións historiográficas sobre temas controvertidos ou de interese xeral	5		CE17 CT7
Observación sistemática	Avaliación continua do traballo autónomo do alumnado e da súa participación activa, a través da realización das actividades e probas que conforman a programación da materia. Para o seu control é imprescindible a entrega dunha ficha por parte do alumnado antes de rematar a primeira quincena do cuadrimestre. Os resultados da aprendizaxe avaliados son: Elaboración e presentación, oral e escrita, de traballos monográficos, individuais ou colectivos, baseados en fontes e bibliografía específicas.	10	CB4	

Outros comentarios sobre a Avaliación

